

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE
NOVEMBRO DE 2011 POLA QUE SE
ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN
DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA
ACTIVIDADE DOCENTE**

Salida Nº. 201100025628
21/11/2011 09:32:30

Co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, é necesario establecer o prazo durante o cal poidan presentarse novas solicitudes de avaliación da actividade docente ante esta Universidade, polo que

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro. O persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor fixo en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que presten servizos nesta universidade e cumpran dentro do ano 2011 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo o modelo oficial, Anexo I, a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 31 de decembro de 2011.**

Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na Universidade de Vigo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo. A normativa e demais aspectos de procedemento e efectos da avaliación docente especificanse no Anexo II desta convocatoria.

Terceiro. As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral ou auxiliares desta universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 18 de novembro de 2011



Salustiano Mato de la Iglesia

A TODO O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO